



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO  
E-Mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tlfn: 988 272 641 - Fax: 988 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino  
32001 OURENSE



## COMUNICADO Nº 082/20 22 DE MAIO DE 2020

### □ O USO DE MASCARILLAS NON É OBRIGATORIA PARA CORRER:

Sanidade sinala que están exentas desta protección tódalas actividades deportivas ó aire libre.

As persoas que fagan deporte, ó aire libre, e aquelas que corren están exentas do uso da mascarilla, que é obrigatorio desde este xoves en espazos pechados e na rúa cando non se poida garantir unha distancia mínima de dous metros (1,50 en probas deportivas ó aire libre) para os maiores de seis anos.

Para estas persoas (deportistas e oficiais) non será obrigatorio o uso da mascarilla, sinalaron á Axencia EFE fontes do Ministerio de Sanidade, que insisten na importancia de gardar as medidas de distancia social.

O Boletín Oficial do Estado (BOE) publica este mércores a Orde do Ministerio de Sanidade que regula o uso xeneralizado das mascarillas na vía pública, en **"espazos ó aire libre"** e en calquera lugar pechado de uso público ou que se atope aberto ó público cando non se poida mantela distancia de seguridade.

Según a instrución, **quedan exentas desa obrigaón "actividades incompatibles" co seu uso como a inxesta de alimentos e bebidas**, e circunstancias nas que exista unha causa de forza maior ou situación de necesidade.

En todo caso, os participantes de Automobilismo Deportivo utilizan na actividade deportiva "sotocasco", que fai as labores dun EPI e cuxa eficiencia de filtrado de respiración é maior a todos os efectos.

Aínda que a Orde non especifica tódalas **"actividades incompatibles"**, correr incluírase entre elas, según as mesmas fontes, que sinalan que tamén **"están exentas tódalas actividades ó aire libre (Automobilismo)** que requiran tal esforzo que dificulte a respiración. Así mesmo quedan fora desta obrigaón as **"persoas cunha dificultade respiratoria"** ou nas que son recomendables para nenos/as entre 3 e 5 anos de idade.